



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

CLASE MAXISTRAL MIGUEL ITUARTE



19 ao 21 DE FEBREIRO DE 2024
CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA
E CSM SUPERIOR DA CORUÑA

Miguel Ituarte nace en Getxo (Biscaia). Recibe a súa formación musical nos conservatorios superiores de Bilbao, Madrid e Amsterdam, estudando con Isabel Picaza, Juan Carlos Zubeldia, Almudena Cano e Jan Wijn. Familiarizouse co clave grazas a Anneke Uittenbosch e cos antigos órganos ibéricos na Academia Internacional de Terra de Campos creada por Francis Chapelet. Dimitri Bashkirov, Maria Joao Pires, Paul Badura-Skoda e Maria Curcio achegáronlle diversos ensinamentos e consellos.

Recibiu, entre outros, os primeiros premios nos concursos internacionais "Xaén", "Ferrol" e "Fundación Guerrero", así como numerosos premios polas súas interpretacións de música española (entre eles, "Rosa Sabater", "Manuel de Falla" e o da Fundación Hazen). Foi tamén finalista no Concurso Internacional de Santander de 1995.

Nos seus programas de concerto incluíu frecuentemente algunhas das máis grandes obras do repertorio de teclado, abarcando dende Antonio de Cabezón ata estreas de música actual. Os compositores José María Sánchez Verdú, Zuriñe Fernández Gerenabarrena, José Zárate, Jesús Rueda e Gustavo Díaz-Xerez adicáronlle obras pianísticas. Recentemente traballou na gravación de "O clave ben temperado" de Bach e presentou a serie completa das sonatas de Beethoven.

Actuou en recitais por países europeos e con orquestras como a de Cámara do Concertgebouw de Amsterdam, Royal Philharmonic de Londres, Gulbenkian de Lisboa e numerosas de España e Sudamérica. En xaneiro de 2000 abriu o primeiro Ciclo de Grandes Pianistas do Auditori de Barcelona con "Iberia" de Isaac Albéniz.

No campo da música de cámara, actuou cos cuartetos Takaks e Ortys. Actualmente traballa coa soprano Cecilia Lavilla Berganza. Como membro do trío "Triálogos" (xunto a Manuel Guillén e Ángel Luis Quintana) gravou a integral dos trios con piano de Beethoven para a Canle Dixital de Televisión Española. Participou no disco "Música de cámara actual" do selo Verso, interpretando co acordeonista Iñaki Alberdi obras de Jesús Torres e Gabriel Erkoreka. O selo Columna Música editou a súa versión do Concerto para piano e orquestra de Joan Guinjoan, xunto á Orquestra Sinfónica de Barcelona e Ernest Martínez Izquierdo.

É profesor de piano en Musikene (Centro Superior de Música do País Vasco) dende a súa creación en 2001.

Bases Masterclass Miguel Ituarte

1. Esta actividade está dirixida a alumnado de piano de todos os niveis.
2. As clases celebrarse entre os días 19 e 21 de febreiro de 2024 e terán lugar nas instalacións do CMUS Profesional da Coruña así como no Conservatorio Superior da Coruña que colabora cedendo espazos para a realización das mesmas. Informarase con suficiente antelación das clases que se levarán a cabo en cada un dos centros.
3. Horario de mañá: 10 a 14. Horario de tarde 16 a 21.
4. As clases terán unha duración de 30 minutos para os alumnos de Grao Elemental. A partir de Grao Profesional as clases serán de 1 hora de duración. Todo o alumnado deberá presentar alomenos tres pezas para poder participar na masterclass. A tal efecto, no caso de alumnado de Grao Elemental, cada un dos movementos dunha sonatina poderá ser presentado como peza individual. O alumnado de Grao Elemental deberá asistir á clase acompañado do seu profesor.
5. Ademais das clases celebrárase unha charla/concerto a cargo do profesor que será de entrada libre.
6. O número mínimo de horas para que se leve a cabo a masterclass será de 9.
7. **NORMAS DE MATRICULACIÓN:** O alumnado deberá inscribirse a través do seguinte formulario ([link](#)). Unha vez comprobada a dispoñibilidade de horas, recibirán un correo no que se lles indicará se están aceptados ou non. No caso de resposta afirmativa poderán proceder ao pagamento correspondente á modalidade escollida. **NON SE DEBE PROCEDER A PAGAR A MATRÍCULA ANTES DE RECIBIR O CORREO DE CONFIRMACIÓN.** O último día para realizar o pagamento é o 9 de febreiro.
8. Para calquera dúbida, escribir ao seguinte correo: danielzacaes@gmail.com (Xefe do Departamento de Piano do CMUS Profesional da Coruña)

Modalidades e precios

- Alumnos activos Grao Elemental) clase de 30': 38€
- Alumnos activos socios da Anpa Mifasol (Grao Elemental) clase de 30': 32€
- Alumnos activos (a partir de Grao Profesional) clase de 60': 75€
- Alumnos activos socios da Anpa Mifasol (a partir de Grao Profesional) clase de 60': 64€
- Alumnos oíntes: 15€
- Alumnos oíntes socios da Anpa Mifasol: 0€

Datos da conta para o pago

ARQUIA, caja de arquitectos

IBAN ES89 3183 1500 92 1003708425

(Titular ANPA MIFASOL CMUS Profesional A Coruña)

Concepto: "Masterclass Miguel Ituarte" - nome e apelidos alumna/o (modalidade asistencia).

Importante: se por algunha razón (por exemplo que non se cubriren as horas mínimas para a celebración do curso durante o periodo de inscrición e pago), houberse que reembolsar a matrícula, descontaranse 1,5 euros polos gastos bancarios que xera a devolución.

A partir do día 10/2/2024 (incluído) xa non se levará a cabo ningún reembolso por causa allea á organización do curso.

COLABORAN:



ANPA MIFASOL



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA